

“Moi fans do BNG”



Xa estamos acostumados aos comunicados para “consumo interno” que fai o BNG na rede. Comunicados nos que contan **a súa visión da “realidade”**, realidade que moitas veces non coincide coa que nós vivimos, pero que normalmente non lles rebatemos porque consideramos que non estamos aquí para iso. Nós intentamos informar á veciñanza aportando a nosa opinión dos feitos e aportando documentación cando a hai, para que cada un poida sacar as súas propias conclusións. **Nós non escribimos para os “fans” ou “hooligans”**.

A lectura desta nota do BNG, que compartimos, deixounos abraiados. **Non acreditabamos co que tiñamos diante dos ollos.**

É certo que a última media hora dos plenos resérvase para comparecencias, rogos e preguntas. Pero resérvase despois das queixas da Agrupación de Electores de Redondela, xa que **nunca daba tempo a tratar todas estas actividades de control do pleno**, e nós sempre levamos aos plenos estas iniciativas. Moitas veces non dá tempo a tratar todas as mocións; e das comparecencias, rogos e preguntas xa non queremos nin falar. E non dá tempo porque **os “políticos profesionais de partido”**, aínda que esteamos todos dacordo en aprobar o tema en cuestión, **aproveitan ata o último segundo, e incluso excédense máis aló do tempo permitido nas súas intervencións**.

Este pleno ao que fan referencia os nosos “compañeiros de oposición”, foi un tanto especial, diríamos que excepcional. Había dúas mocións sobre a mesa de importancia: unha da plataforma de afectados pola Hepatite C e outra do PSOE sobre a ampliación da AP-9.

A primeira moción a tratar correspondíanos a nós, a AER, e cedemos a nosa quenda para tratar as mocións sobre a Hepatite C. No transcurso do pleno o alcalde volveu pedirnos **que cederamos outra vez a nosa quenda para tratar a moción do PSOE, co fin de crear a comisión de seguimento das obras da ampliación AP-9**. Dixémoslle que si, que nos parecía importante, pero a cambio **queríamos asegurarnos que se tratara polo menos algunha das nosas mocións**, neste caso a que versaba sobre a creación dun Regulamento para as asignacións ou subvencións aos grupos políticos do Concello.

Ao final non deu tempo a tratar a comparecencia sobre os grupos de teatro. O BNG “esquece” dicir que nós tamén presentamos unha comparecencia sobre o mesmo tema. **Tamén “esquece” dicir o BNG que antes desas comparecencias habería que tratar outra comparecencia pedida por AER sobre a piscina de Chapela, que xa leva 3 meses sobre a mesa.**

O BNG debería acostumarse a esperar, coma acostumamos nós. O que pasa é que non teñen costume, porque **levan 2 anos e medio sen pedir comparecencias de concelleiros do goberno local**, mentres nós temos que agardar meses para que se traten moitas das comparecencias que pedimos, debido a que estamos case todo o tempo dos plenos tratando as súas “mocións fotocopia”.

AER fixo una proposta sobre “plenos non rematados” que consistía en que cando non dera tempo a tratar todas as iniciativas plenarias, a semana seguinte debería convocarse outro pleno para tratar o que quedara pendente. **Se queren celebrar un pleno extraordinario para sacar adiante todas as iniciativas que quedaron sobre a mesa, só teñen que convencer ao PSOE; o noso apoio xa o teñen.**

Que PP e AER acordan que??? É como se nós diciimos que O BNG pacta co PP a modificación do novo pavillón, ou que pactou co PSOE as modificacións que se fixeron na piscina de Chapela. Pero non o imos dicir.